



**BASES 3º EDICIÓN DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “VEN E DESCUBRE”
"MARÍA JOSÉ CAYADO"(CHECHÉ)**

1. O Concurso de Fotografía Ven e Descubre “Mª José Cayado” (Cheché) é promovido pola concellería de Servizos Sociais do Concello de Oleiros co obxectivo de recordar a figura e servir de homenaxe a quen durante 20 anos traballou por e para as persoas maiores de Oleiros en diferentes actividades e programas contribuindo, a través do seu traballo diario cheo de vitalidade, humanidade, bo facer e sentido do humor, ao seu maior benestar.
2. Poden participar no concurso todas as persoas participantes no programa "Ven e Descubre" na edición que se desenvolva cada ano.
3. As fotografías teñen que ser feitas nas distintas rutas e excursións e poderán abordar calquera dos temas relacionados co programa "Ven e Descubre", tanto nos seus valores como no contido das rutas.
4. Cada participante poderá presentar un máximo de 3 fotografías para cada unha das categorías que se convoquen en cada edición. Poderán presentarse fotografías en calquera formato e calidade. As imaxes poderán estar editadas ou non, está permitido calquera edición que altere a imaxe orixinal.
5. As fotografías deberán presentarse en formato físico ou dixital, ben por correo electrónico ao enderezo e.rodriquez@oleiros.org. Tamén directamente nas oficinas de Servizos Sociais. Sempre acompañadas dos seguintes datos:
 - nome e apelidos
 - teléfono
 - categoría á que opta
 - título da fotografía
 - ruta na que foi realizada.Tamén poderán enviar a fotografía por Whatsapp aos números do programa.
690 318 405 / 682 399 501
6. O prazo de admisión das fotografías concluirá o 30 de setembro de 2019.
7. Establécense dúas categorías nas que se premiará aquela fotografía que recolla o espírito e os valores do programa, representados no estilo de vida activo e saudable, no fomento das relacións interpersoais, na aprendizaxe continua e no respecto polo entorno.
 - **Categoría excursionismo**, na que se recollen as fotografías das rutas de excursionismo.
 - **Categoría sendeirismo**, aquelas imaxes correspondentes as rutas de sendeirismo.
8. Os premios non serán en metálico, serán en especie, e o seu importe non terá un valor superior cada un deles a 250 €.
 - **Excursionismo**: premio dun bono para unha viaxe de fin de semana turístico e recordo conmemorativo
 - **Sendeirismo**: premio dun bono para unha viaxe de fin de semana turístico e recordo conmemorativo



CONCELLO DE
OLEIROS

> SERVIZOS SOCIAIS

- **Dous accésit**, no que o xurado valore aquelas fotografías que polas súas características técnicas ou ben o seu contido deben levar unha mención especial. O premio consistirá nun recordo conmemorativo.
9. O xurado estará composto por persoas relacionadas co mundo da fotografía e da imaxe e comunicación, así como por algunha persoa que participe nas rutas dende a organización. Estará presidido polo/a concelleiro/a de Servizos Sociais do Concello de Oleiros e actuará de secretaria a técnica responsable do programa dentro do Departamento de Servizos Sociais, con voz pero sen voto.
 10. Os premios non serán acumulativos, polo que non poderán recaer na mesma persoa.
 11. No momento de valorar as fotografías as persoas que compoñan o xurado con capacidade de decisión verán as fotos so co seu título, descoñecendo ao seu autor ou autora.
 12. A decisión do xurado se comunicará nun acto público no mes de novembro no auditorio de A Fábrica no que se fará entrega dos premios.
 13. As participantes no concurso aceptan as bases e autorizan ao Concello de Oleiros os dereitos de reprodución e comunicación pública das obras nos seguintes termos: o dereito de reprodución aos efectos de realizar carteis publicitarios e insercións na prensa, en exposicións, catálogos, folletos así como na páxina web, redes sociais e campañas do Concello.

As bases da convocatoria poderán ser consultadas na web do Concello de Oleiros www.oleiros.org ou ben solicitalas por correo electrónico no seguinte enderezo: e.rodriquez@oleiros.org